

MEDIDAS PREVENTIVAS COVID 19
CURSO 2020-21 ALUMNADO

ÍNDICE:

1. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID-19 (Axúntase no anexo I deste protocolo)
2. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
3. ESCENARIO NO SUPOSTO DE GROMOS
4. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO
5. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS E ANPA
6. MEDIDAS XERAIS PARA ALUMNADO QUE UTILIZA O TRANSPORTE ESCOLAR
7. CONSIDERACIÓNS NA AULA ORDINARIA
8. NOUTRAS AULAS
9. CAMBIOS DE CLASE
10. BIBLIOTECA
11. ASEOS.
12. RECREOS
13. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE
14. AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA
15. ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID-19

1. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID-19 (Axúntase no anexo I deste protocolo)

Autoavaliación domiciliaria diaria da/o alumna/o que, en caso de dar positivo:

- Non acudirá ao centro.
- Chamará ao seu centro de saúde de referencia.
- Presentará xustificante da ausencia asinado polo pai/nai/titor e avisará á coordinadora COVID do IES, se tivese sintomatoloxía compatible coa COVID.
- **A/O alumna/o que se atope con febrícula, febre, dor de cabeza, dores musculares, tose, mucosidade, malestar en xeral, aínda que sospeite que é unha simple gripe ou arrefriado, NON ACUDIRÁ AO CENTRO.**

· **Detección síntomas SARS-CoV-2 en alumnado durante a estancia no centro ou chegada ao mesmo:**

- O Centro contactará coa familia e esta presentarse no centro canto antes.
- A familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra para valorar o test.

· **O alumnado non acudirá ao centro se convive con algunha persoa sospeitosa de padecer COVID- 19** ata que se confirme o negativo do test da enfermidade, en cuxo caso ten que comunicalo á coordinadora COVID do IES.

2. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

· **USO OBRIGATORIO DA MÁSCARA** en todo o recinto, tanto o profesorado como o alumnado (dentro e fóra da aula) e persoal non docente. É obrigatorio levar unha segunda máscara de recambio

· **Pupitre coa mesma orientación (cara ao profesor/a) e distancia mínima de 1,5 m.** entre o alumando (medido dun centro de cadeira ata outra) .

· **Medidas de prevención/transmisión e instrucións de comportamento:**

- Medirase a temperatura do alumnado ao chegar ao centro.
- O alumnado utilizará o xel hidroalcolico e limpará o calzado nas alfombras desinfectantes. Verificarase a limpeza visualmente polo profesorado á entrada do IES.
- Dotación de dispensadores de solución hidroalcolica na entrada, espazos comúns e á entrada de cada aula.
- Dotación de portapanos desbotables en aseos, espazos comúns e aulas.
- Lavado frecuente e meticuloso de mans (auga e xabón) mínimo 40s ou hidroalcol (20s). En caso de sucidade evidente: auga e xabón.
- O lavado de mans cando menos 5 veces ao día.
- Evitar tocar ollos, nariz, boca.

Implantar medidas de hixiene persoal:

- Tapar boca e/ou nariz coa flexura do cóbado ou pano de papel desbotándoo en papeleira con tapa logo de usalo.
- Lavado frecuente de mans sobre todo tras tocar secrecións respiratorias ou obxectos posiblemente contaminados e antes e despois de comer.
- Uso correcto de máscara cubrindo ben o nariz e a boca.
- Fôra da aula a **distancia interpersoal mínima será de 1,5 m.**
- Extremarase a orde en mesas, limpeza e desinfección.
- **Non se compartirá material** entre compañeiros/as, tratando de diferenciar o material de cada alumno/a.
- Non usar luvas.

3. ESCENARIO NO SUPOSTO DE GROMOS

- Ante posible caso de inicio de síntomas no centro, levarase a persoa ao **espazo de illamento -sala de visitas I e II na planta baixa-** levando máscara tanto a persoa enferma como a acompañante. Contactarase coa familia do/a alumno/a, chamarase ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia ou ao teléfono de referencia do SERGAS para seguir as súas instrucións. Se o caso é severo, chamarase ao **061**.
- **A familia dun alumno/a con sospeita de contaxio** deberá solicitar consulta telefónica co seu pediatra para que avalíe o test diagnóstico. De non ter cita, acudirá ao PAC para ser valorado/a.

4. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

- **HORARIO DE ENTRADA E SAÍDA DO CENTRO**

A entrada e saída do centro faranse por niveis de xeito progresivo e respectando o horario marcado. Se algún alumno ou alumna non chegase no seu horario, deberá esperar a que entre a última quenda (08:35).

A entrada e saída do centro farase de xeito progresivo co seguinte horario:

ENTRADA:

08:20.....1º, 2º, 3º e 4º da ESO

08:25.....1º BACHARELATO

08.30.....2º BACHARELATO

SAÍDA:

14:00.....1º, 2º, 3º e 4º da ESO

14:05.....1º BACHARELATO

14:10.....2º BACHARELATO

LUNS POLA TARDE

ENTRADA

16:20.....1º, 2º, 3º e 4º da ESO

16:00 ou 17:30.....1º BACHARELATO (Dependendo do curso)

16:30.....2º BACHARELATO

SAÍDA

18:20.....1º, 2º, 3º e 4º da ESO

17:30 ou 19:00.....1º BACHARELATO (Dependendo do curso)

18:10.....2º BACHARELATO

MARTES E XOVES POLA TARDE:

ENTRADA

16:00 ou 17:30.....1º BACHARELATO (Dependendo do curso)

SAÍDA

17:30 ou 19:00.....1º BACHARELATO (Dependendo do curso)

- **Non se pode chegar ao centro antes da hora sinalada.** O alumnado irá directamente á súa aula, onde estará o/a profesor/a correspondente supervisando que a entrada se realice de xeito ordenado.
- No centro habílanse as tres portas para a entrada desde as 08:20 e esas mesmas portas só para saída desde as 14:00.
- A circulación estará sinalada con carteis visibles no chan e paramentos.
- Nos corredores circularase:
 - Na planta baixa e escaleiras en dous sentidos e sempre polo lado dereito.
 - Nun único sentido** na primeira e segunda planta.
- **Non haberá armarios para o alumnado.**
- **Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións** nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.
- **Non se permiten nos recreos xogos con pelota** ou obxectos que poidan ser compartidos.
- Salvo razóns xustificadas, **non se permite a entrada dos proxenitores ao centro** educativo.

5. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS E ANPA

- As reunións de tutoría coas familias realizaranse por teléfono, videochamada ou correo electrónico
- As actividades da ANPA celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.
- Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente de xeito telemático.
- Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e/ou Abalar
- Recoméndase non realizar eventos ou celebracións. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e capacidades.

6. MEDIDAS XERAIS PARA ALUMNADO QUE UTILIZA O TRANSPORTE ESCOLAR

- **Recoméndase, na medida do posible, non utilizar o transporte escolar.**
- Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso (expostos no taboleiro da entrada ao centro).
- A entrada e saída de alumnado transportado organizarase en ringleiras coa distancia mínima de seguridade 1,5m.
- A ocupación dos autobuses será a determinado polo órgano autonómico competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa **obriga do emprego de máscara en todo momento**. Se sobrasen prazas, deixaríase un asento baleiro e outro ocupado. No caso do uso de taxis ou VTC poderanse ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do/a condutor/a.
- Quedan suspendidas as autorizacións do uso do transporte escolar para o alumnado de 1º e 2º de bacharelato.

7. CONSIDERACIÓNS NA AULA ORDINARIA

- Hixiene de mans obrigatoria nas entradas e saídas das aulas.
- **Ventilación da aula 5 minutos** entre clase e clase. Manteranse as ventás abertas o maior tempo posible.
- O alumnado de cada grupo terá unha aula de referencia para a maioría das súas clases, a excepción das materias de Música, E. Física e Tecnoloxía
- **No momento de entrada á aula ou cambio de aula a/o alumna/o desinfectará por uns minutos mesa e cadeira** coa dotación existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante). Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que laven as mans.

- Evitarase o desprazamento do alumnado dentro da aula.
- **O alumnado gardará o seu material, en lugar e de xeito diferenciado**, para evitar o contacto co resto de compañeiros/os. **Non se poderá usar material compartido sen previa desinfección**. En caso de achegarse ao encerado, cada alumno/a terá o seu xiz ou rotulador ou desinfectará o común antes de cada uso. Cada alumno/a terá o seu material gardado en contedores propios e todo o posible rotulado co seu nome. Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

8. NOUTRAS AULAS

- Nas aulas de desdobramento, obradoiros, laboratorios, aulas de música, debuxo ou informática extremaranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.
- Ventilación da aula **10 minutos** entre clase e clase. Manteranse as ventás abertas o maior tempo posible. Recoméndase traer abrigo suficiente cando o tempo sexa desapracticable.
- **Hixiene de mans obrigatoria nas entradas e saídas das mesmas.**
- **O material compartido debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e ao remate da clase.**
- Evitar a formación de grupos e minimizar o contacto con materiais. Evitar encararse a unha distancia inferior a 1,5 m.
- En Educación Física os exercicios serán, no posible, individuais, minimizando o uso de materiais compartidos e procurando a súa limpeza e desinfección logo de usarse. **Usarase en todo momento a máscara e gardarase a distancia mínima de seguridade (1,5m.)**

9. CAMBIOS DE CLASE

- O alumnado non cambiará de clase, terá unha aula asignada en cada grupo e **deberá permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.**
- **Ventilarase a aula polo menos 5 minutos** antes de comezar a nova sesión.
- No caso de ter que **trasladarse a outra aula**, o/a profesor/a anterior finalizará a clase 5 minutos antes para poder organizar a **saída ordenada e paulatina do alumnado de un en un e con distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de a un gardando a distancia de seguridade**, evitándose a formación de aglomeracións.

Se houbese outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia de seguridade e evitando que se formen aglomeracións.

- **Ventilarase a aula (10 minutos) e o grupo entrante hixienizará pupitres e cadeiras.**

10. BIBLIOTECA

- O alumnado debe **hixienizar as mans** antes e despois da estancia na sala, así como limpar os postos que ocupasen.
- Manter a distancia de seguridade e usar só os postos dispoñibles.
- O préstamo de libros/material realizarase de xeito habitual.

11. ASEOS.

- **O alumnado evitará, na medida do posible, o uso dos aseos** e irá unicamente cando sexa indispensable, e sempre aos servizos da planta onde se atopa situada a súa aula de referencia.
- O uso estará limitado a **un terzo da súa capacidade** (o alumnado respectará a capacidade máxima).
- O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e saída do mesmo.
- Cumprirase a distancia nas ringleiras de entrada e saída dos aseos.
- Permitirase nas clases saír aos aseos para evitar acumulacións nos recreos, pero sempre coa excepcionalidade xa sinalada.
- Alumnado con NEE: o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

12. RECREOS

- O uso da **máscara será obrigatorio**.
- Cada grupo deberá ir a o aseo que lle corresponde, e dicir, só irá aos aseos da planta onde estea situada a súa aula de referencia
- As/os alumnas/os baixarán aos recreos de xeito ordenado co seu profesor ou profesora, que os levará á localización que lles corresponda segundo o seu nivel. A distribución de espazos segundo o nivel é a seguinte:

1º da ESO.....xardín da esquerda e corredor cuberto

2º da ESO.....xardín do salgueiro chorón e corredor cuberto

3º da ESO..... zona 1ª mesa de pimpón e pista de baloncesto

4º da ESO.....2ª mesa de pimpón e pista de fútbol

1º Bacharelato.....Final do patio cuberto e xardín próximo á horta

2º Bacharelato.....Ágora

- **É esencial que o alumnado dun nivel educativo NON se relacione co dos outros niveis. A separación por niveis do alumnado é para que non se produza un gromo masivo no centro.**
- O alumnado baixará ao recreo de xeito ordenado evitando aglomeracións.
- Na **CAFETARÍA** os/as alumnos/as deberán colocarse en unha única ringleira. Haberá 12 puntos sinalados no chan onde deben situarse para esperar a súa quenda de xeito ordenado, gardando sempre a distancia de seguridade.
- Evitarán o uso de elementos ou obxectos compartidos (balóns, etc.).

13. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE

- Uso das máscaras dentro e fóra da aula.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esburrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco (primeiro aseo da planta baixa masculino ou feminino).

14. AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dun nivel educativo ou do centro educativo.
- A suspensión da actividade lectiva presencial activará as normas de ensino a distancia.
- Nos primeiros días de clase, os titores e titoras facilitarán a inscrición na aula virtual e matriculación nos cursos, explicarán o seu funcionamento básico e ensinarán ao alumnado a subir arquivos á devandita aula.
- O alumnado subirá os seus traballos en formato PDF á aula virtual. Non se admiten traballos enviados por correo electrónico, whatsapp ou fora de prazo. No caso de que a/o alumna/o non teña ordenador, podería subir á aula unha foto do caderno.
- Cada alumno/a deberá informar ao seu titor ou titora se ten falta de recursos informáticos ou carece de conexión telemática.

15. NORMAS DE CONVIVENCIA E SANCIONS

FALTA LEVE:

Considerarase falta leve o incumprimento dalgunha das medidas recomendadas polos organismos sanitarios e recollidas no Protocolo de Adaptación ao COVID-19 nos Centros. A falta leve será sancionada coa suspensión do dereito a asistencia ás actividades lectivas o mesmo día da sanción.

Ese mesmo día, o alumno deberá ir á Biblioteca para facer un resumo do Protocolo de Adaptación ás Medidas Covid-19 que entregará en Vicedirección.

FALTA GRAVE

A reincidencia de faltas leves suporá unha falta grave.

A falta grave sancionarase coa suspensión do dereito de asistencia do alumno do Centro:

Primeira falta grave: un día

Segunta falta grave: dous días

Terceira falta grave: tres días

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?	
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C
	Tose seca
	Dificultade respiratoria
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)
	Dor muscular
	Falta de olfacto
	Falta de gusto
	Diarrea

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

Tivo <i>CONTACTO</i>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?
nas últimas 2 semanas?	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?

<i>CONVIVIU</i>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?
nas últimas 2 semanas?	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?